


Criterios de selección

1. Terán preferencia aquelas persoas empadroadas no Concello de Bergondo, primeiro as persoas en procura de emprego; e despois os que estean traballando ou noutras situacións.
2. Seguidamente, terán prioridade as persoas en procura de emprego que non estean empadroadas no Concello de Bergondo, e finalmente, as persoas en activo ou noutras situacións procedentes doutros concellos.
3. Dentro de cada un dos colectivos seguirase a orde cronolóxica de inscrición.



cursos **formativos** **2023**



Teléfono 981 791 252 - Ext. 4
www.bergondo.gal





FORMACIÓN BERGONDO 2023

DENOMINACIÓN	DATA	HORAS	PREZO
PRIMEIROS AUXILIOS	MARZO	40 H.	GRATUÍTO
AUXILIAR DE CAIXA E REPOSICIÓN	ABRIL	30 H.	GRATUÍTO
TRATAMENTO DIXITAL DE FOTOGRAFÍA	MAIO	30 H.	GRATUÍTO
MANEXO DE CARRETILLA ELEVADORA	MAIO	8 H.	GRATUÍTO
PONTE GRÚA	XUÑO	8 H.	GRATUÍTO
PLATAFORMA ELEVADORA	XUÑO	8 H.	GRATUÍTO
MANEXO DE DESFIBRILADOR EXTERNO SEMIAUTOMÁTICO(DESA)	XUÑO	5 H.	GRATUÍTO
MANIPULADOR DE ALIMENTOS	SETEMBRO	3 H.	GRATUÍTO
PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (NIVEL BÁSICO)	SETEMBRO	60 H.	GRATUÍTO
ACTIVIDADE EMPRESARIAL: CÓMO MONTAR UNHA EMPRESA	OUTUBRO	20 H.	GRATUÍTO
INGLÉS (Nivel medio-conversa)	SETEMBRO-DECEMBRO	25 H.	GRATUÍTO

O Concello de Bergondo presenta a súa programación formativa para o ano 2023. A situación xerada pola pandemia que sufrimos dende o ano 2020 e as sucesivas ondas que vimos padecendo afectaron de maneira importante á execución dos cursos formativos durante os dous últimos anos. Neste ano, a programación prevista retoma o sendeiro trazado con anterioridade a esta crise sanitaria.

Tendo en conta o anterior, este ano o obxectivo principal do programa de formación municipal é dar continuidade ó traballo principiado en anos pasados, reiterando aquelas actuacións formativas que tiveron éxito e propoñendo novidades que veñen a satisfacer peticións formuladas ó longo destes meses. Precisamente por todo isto, e atendendo ás demandas do mercado de traballo, a oferta de cursos é plural e variada procurando dotar a toda a veciñanza bergondesa das mellores ferramentas para acceder ou mellorar no mundo laboral.

As actividades sanitarias, o manexo de diversa maquinaria e a prevención de riscos laborais son algunhas das actividades máis demandadas, polo que a oferta formativa municipal pon o seu acento nestas actividades.

FORMA DE INSCRICIÓN:

- Online (RECOMENDADO), a través do seguinte formulario:
https://docs.google.com/forms/d/1c2xMmDmBkxmXvw8vTJRsz-hStjM08t-N_GzgEPC-5yk/edit
- Por teléfono: (981791252 Ext. 4)

DATA DE INSCRICIÓN EN TODOS OS CURSOS: **A partir do 27 de febreiro.**

INFORMACIÓN: 981791252 Ext. 4 / www.bergondo.gal

NOTA: A programación destes cursos poderá sufrir variacións ao longo do ano en función de novas suxestións por parte dos/as veciños/as ou por mor de non alcanzar un número mínimo de participantes.